



Lugo, 30 de outubro de 2012. ADEGA Lugo vén de presentar o seu **programa de roteiros para o curso 2012-2013**

que, desta volta, estará dedicado de novo a **descubrir lugares máxicos**

, encantados ou marcados por algunha lenda ou tradición oral. Dado o éxito da primeira edición do programa

“A Galiza Máxica. Un país de lendas”

, na que participaron unhas 500 persoas, e por votación maioritaria dos seus socios e socias, ADEGA-Lugo dá continuidade a esta temática como eixo arredor do cal vai xirar os roteiros deste ciclo 2012-2013.

Descarrega aquí o

[PROGRAMA DE ROTEIROS 2012-2013](#)

:-

Os roteiros de ADEGA Lugo están concebidos como unha actividade de ocio e divertimento, pero tamén de divulgación e reivindicación ambiental. A través deste ciclo de roteiros dedicados á Galiza Máxica, ADEGA mostrará aos viandantes diferentes elementos naturais e paisaxísticos que forman parte, non só do espazo físico, senón do imaxinario popular, no que aínda viven e se desenvolven seres míticos e fantásticos que chegaron aos nosos días a través das lendas. A Galiza Encantada é o legado das crenzas e costumes dos nosos devanceiros e a través dela aprendemos a convivir coa natureza e a respectar o territorio no que vivimos.



PROGRAMA DE ROTEIROS DE ADEGA LUGO 2012-2013
GALIZA MÁXICA. UN PAÍS DE LENDAS II.

11 Novembro	Courel	Do Castro do Brio ao Pico do Coto	O Apalpador
16 Decembro	Guitiriz	Porta do Alén	Os camiños do inframundo...
20 Xaneiro	Compostela	Pico Sacro	Onde beben os cabalos do tempo...
17 Febreiro	O Incio	A trabe d'ouro	A terra do Inicio
17 Marzo	Ribeira Sacra	De Doade a Augas Mestas	Os catro encantados do Sil
28 Abril	Ancares	O Cebreiro	O Santo Grial
26 Maio	Xove	Da Pena do Fraire ao tesouro de Feranzos	As moradas dos encantos
23 Xuño	Allariz	Stª Mariña de Augas Santas	Auga, lume e pedra

Lugar de saída: Avenida de Ramón Ferreiro (fronte á Facultade de Formación do Profesorado, antigo Maxisterio), en Lugo.

Hora de saída: ás 9.00 horas, agás no roteiro de xuño que será ás 8.00 horas.

Prezos: 15 € (non socios/as), 12 € (estudantes, parados, xubilados), 10€ (socios/as) e 5€ (menores de 17 anos).

Reserva de praza. Chamar polo menos con 2 días de antelación a: **982240299** ou **679113718**.

*No caso de que houbera algunha modificación no programa de roteiros será comunicada oportunamente.

*Pregase puntualidade e aviso previo no caso de ausencia.

PROGRAMA DE ROTEIROS DE ADEGA LUGO 2012-2013 GALIZA MÁXICA. UN PAÍS DE LENDAS II.